



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BUEU E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS APA CABO UDRA DO CEIP MONTEMOGOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PLAN MADRUGA.

Dunha parte, D. Félix Juncal Novas con DNI 52492655P, en nome e representación do Concello de Bueu con CIF P3600400J, na súa calidade de alcalde – presidente e no exercicio das competencias que lle confire a lexislación vixente e, en especial, o artigo 124 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 61 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E doutra, D. Alejandro Pérez García , con DNI 36087277R, en nome e representación da APA Cabo Udra con CIF G36047835 e enderezo en Montemogos s/n. Beluso. Bueu, en calidade de presidente.

MANIFESTAN

A Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia no artigo 60 atribúelle aos concellos, entre outras competencias, a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos. No título II da presente lei define o catálogo de servizos sociais e regula as intervencións, os programas, os servizos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece no seu artigo 9 que os servizos sociais comunitarios, de carácter predominantemente local, están referenciados a un territorio e poboación determinados e constitúen o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.

•“Os servizos sociais comunitarios configúranse como servizos de carácter integrador, constituíndo a principal instancia do sistema para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas e familias e de incorporación social e laboral”.

•E no artigo 9.3) que “estarán coordinados mediante protocolos e sistemas de derivación, información e colaboración cos servizos sociais especializados, así como con outros servizos para o benestar que operen no mesmo territorio, especialmente cos de saúde, educación, cultura, emprego, vivenda, migracións e, no seu caso, desenvolvemento rural, a fin de favorecer unha intervención integral coas persoas”.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial os nenos e as nenas e os e as adolescentes, dispensándolles especial atención ás familias con dificultades e máis a aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de



exclusión social, poñendo en funcionamento actuacións de apoio á familia e de prevención de situacións de desprotección e conflito social.

Ademais e coa finalidade de asegurar a protección social e económica das familias, o artigo 39 da Constitución de 1978, obriga aos poderes públicos a apoiar e protexer aos seus membros, en especial os nenos e nenas.

A propia Lei 7/85 de bases de réxime local inclúe no seu artigo 25 como competencias dos municipios, entre outras, as de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

O Decreto 132/2013 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación inclúe entre os seus obxectivos o de implicar na xestión do servizo, mediante fórmulas de cooperación e colaboración previstas no marco xurídico actual, á totalidade de administracións públicas con competencias concorrentes neste terreo, aos colectivos e asociacións afectadas e, en definitiva, ás propias familias.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións establece no artigo 22 .c que poderán concederse de forma directa con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

É indubidable o importante papel que xoga o servizo de comedor escolar no apoio ao cumprimento das responsabilidades familiares. Na actualidade os servizos de “plan madruga” e comedor escolar son un instrumento necesario e importante para a conciliación da vida laboral e familiar. A estrutura das xornadas laborais xunto coa incorporación da muller ao mercado laboral, provocan cambios sociais nas últimas décadas que levaron a un incremento do número de centros educativos con estes servizos.

Ademais a prestación do servizo de comedor escolar ten un efecto beneficioso no alumnado dende a perspectiva de desenvolvemento de hábitos e actitudes de convivencia, contribuíndo á formación persoal e á integración social dos escolares.

Por outro lado as Anpas como asociacións sen ánimo de lucro son entidades con escasos recursos económicos que precisan a colaboración das administracións públicas para asumir a xestión destes servizos.

Xa que logo, son razóns de interese público, social e económico as que xustifican a subscripción do presente convenio.

A Asociación de Nais e Pais do CEIP Montemogos de Beluso, manifesta a súa vontade de xestionar o servizo de Plan Madruga, presentando entre outra documentación, a certificación polo Consello escolar da prestación no centro do Plan Madruga.



A Anpa do CEIP Montemogos de Beluso declara non estar en ningunha das situacións que establecen os artigos 13.2 e 10.2, da Lei 38/2003 xeral de subvencións e da Lei 9/2017 de subvencións de Galicia respectivamente, e está ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Bueu.

En virtude da representación indicada por cada unha das partes e dos antecedentes expostos, as persoas firmantes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e de obrar para a formalización do presente convenio conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto do presente convenio establecer as bases da colaboración económica do Concello de Bueu coa APA Cabo Udra do CEIP Montemogos de Beluso (en diante ANPA) para sufragar o custo do servizo do Plan Madruga que se vén ofrecendo no CEIP Montemogos Beluso de luns a venres en horario de 07.30 ás 09.00 h. durante o calendario escolar.

De acordo co artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece no caso dos comedores escolares de centros educativos de titularidade pública, que neste Concello son 3 (CEIP A Pedra, CEIP Montemogos e CEIP Torre Cela) xestionados polas respectivas Anpas e que permita ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir recursos para a conciliación da vida laboral e familiar e dar resposta á demanda social de prestación do servizo de comedor escolar e plan Madruga como recurso educativo de carácter complementario, compensatorio e social.

Por todo o anterior é a Anpa do CEIP Montemogos a que posúe a especificidade como beneficiaria, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo, e de acordo coa planificación estratéxica realizada polo Concello de Bueu para o ano 2024 e dada a especificidade e exclusividade da actividade a realizar baseada en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos no Plan estratéxico de subvencións .

SEGUNDA. ÁMBITO E VIXENCIA DO CONVENIO.

Para os efectos do presente convenio, entenderase por Plan Madruga a elaboración e subministración dos almozos, as tarefas de atención e coidado do alumnado durante a inxesta dos alimentos, así como o desenvolvemento da actividade socio educativa relacionada co servizo.



O servizo será organizado e prestado pola ANPA, cuxo programa se organiza baixo a súa única e exclusiva responsabilidade, tanto fronte ao Concello como fronte a terceiros.

O presente convenio terá efectos dende a súa súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2023.

TERCEIRA. OBRIGAS DAS PARTES.

OBRIGAS do Concello de Bueu.

O Concello de Bueu cooperará na realización das actuacións ás que se refire a cláusula primeira deste convenio mediante a achega económica para a xestión do servizo do Plan Madruga mediante unha subvención de 8.333,60 € con cargo á aplicación 323.48900 do orzamento xeral do Concello de Bueu para o ano 2023, prorrogado actualmente para o 2024.

OBRIGAS da Anpa do CEIP Montemogos.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 38/2003 de subvencións e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas da Anpa:

- Cumprir o obxectivo e realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Asumir a responsabilidade xurídica e económica, laboral, civil, administrativa, etc. con respecto ao correcto funcionamento do servizo do Plan Madruga.
- Asumir todos os gastos derivados directamente da organización e desenvolvemento do servizo, así como obter todos os permisos administrativos que correspondan para realizar as actividades incluídas nel.
- Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos supostos establecidos neste convenio.



- Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida polo Concello de Bueu, no exercicio das funcións de control que lle corresponden, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
- Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa obxecto de subvención.

CUARTA. RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIAMENTO.

O Concello de Bueu achegará á ANPA do CEIP Montemogos unha cantidade de 8.333,60 €, que se financiará con cargo á partida 323.48900 do orzamento xeral do Concello de Bueu para o ano 2023, prorrogado actualmente para o 2024, que se indica no cadro inserido a continuación:

Aplicación orzamentaria	Anualidade	Achega máxima (en €)
323.48900	2024	8.333,60

De acordo co establecido no artigo 34 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, o Concello realizará o pagamento anticipado do 80% do importe do convenio con carácter previo á xustificación como medida de financiamento necesario para levar a cabo as actuacións.

O pagamento restante realizarase no momento da completa xustificación pola Asociación do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

Esta achega terá o carácter de subvención e será compatible con outras axudas, subvencións ou ingresos percibidos para a mesma finalidade, tendo en conta que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

O beneficiario ten a obriga de comunicar ao Concello de Bueu, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.



QUINTA. GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables os que estean directamente relacionados coa natureza e obxecto do convenio e que fosen realizados no período comprendido entre o 01 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2024, entre os que se inclúen:

- a) Gastos de prestación do servizo de comedor ou almorzos por servizo de catering.
- b) A vixilancia e coidado do alumnado durante o uso do servizo do comedor.
- c) Os gastos de mantemento e persoal.
- d) Os gastos de enxoval, materiais, utensilios ou alimentos para a prestación do servizo.
- e) Os gastos ocasionados pola contratación por parte da asociación de pólizas de seguros vinculadas directamente á prestación do servizo de comedor escolar.

Quedan excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os das atencións protocolarias e representativas e os gastos en investimentos.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no presente convenio deberá de realizarse de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (art. 30 e ss.) e o R.D. 887/2006, do 21 de xullo, aprobatorio do Regulamento da citada Lei (art. 69 e ss.), así como no previsto Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve. En consecuencia, a entidade beneficiaria virá obrigada a presentar unha conta xustificativa, que conterá a seguinte información:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago.
- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe do orzamento presentado, xunto coa acreditación de ter realizado o pagamento (xustificante de transferencia bancaria).
- Un detalle doutros ingresos ou subvencións que tiveran financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia.
- No momento da xustificación, o beneficiario deberá acreditar estar ao corrente



das súas obrigas tributarias (facendas estatal e autonómica) e coa seguridade social mediante a presentación dos correspondentes certificados.

O prazo máximo para xustificar a subvención concedida será **ata o 30/01/2025**.

A documentación presentárase a través da Sede Electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/>) a través do trámite “Xustificación de subvención concedida”.

SÉTIMA. PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO DA SUBVENCIÓN.

Producirase a perda do dereito da ANPA ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á ANPA neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúe en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención a non acreditación da execución da actuación subvencionada antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto neste convenio e demais normativa de aplicación.

A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran a actuación que fundamenta a concesión da subvención.

OITAVA . REINTEGROS.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula terceira deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11º da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, a ANPA comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.

c) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.



d) Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS.

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do proxecto subvencionado.

O beneficiario ten a obriga de comunicar ao Concello de Bueu, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

DÉCIMA. SEGUIMENTO DO CONVENIO.

1. Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por:

- Dúas persoas representantes do Concello.
- Dúas persoas representantes da Anpa.

2. A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretario quen se designe da mesma forma.

3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Proposta, de ser o caso, de addendas.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio.



DÉCIMO PRIMEIRA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO.

O convenio modificarase por acordo unánime das partes de acordo co establecido na lexislación vixente.

DÉCIMO SEGUNDA. EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN.

1.O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2.Son causas de resolución:

- a)O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b)O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c)O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d)Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e)Calquera outra causa prevista nas leis.

DÉCIMO TERCEIRA. PUBLICIDADE DO CONVENIO.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Portal de Transparencia do Concello de Bueu de acordo co previsto no artigo 8 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS.

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.



CONCELLO DE BUEU

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8 . 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
TLF. 986 39 00 29 / FAX 986 32 20 99
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



DÉCIMO QUINTA. NORMATIVA APLICABLE.

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto nas Bases de execución do Orzamento Xeral municipal, no RD lexislativo 2/2004 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, Lei 38/2003 xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación. Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes na data da súa sinatura electrónica.

O alcalde do Concello de Bueu

O presidente da APA Cabo Udra

Félix Juncal Novas

Alejandro Pérez García